



**CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 12 de decembro de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca para o curso 2023/2024 o programa denominado BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, integrado no PLAN LÍA (Lectura, Información e Aprendizaxe) de bibliotecas escolares, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso 2023/24.**

Advertidos erros no **anexo I**, cómpre efectuar **as seguintes correccións**:

1. No encabezado, onde se indica:

### **Educación Secundaria e outras**

**Conforme ao recollido no Apartado 5.** Emisión de diplomas voluntariado e compromisos de colaboración da devandita convocatoria, **cómpre eliminar a referencia á modalidade Voluntariado Secundaria e outras ensinanzas** por ser o anexo I común a ámbalas dúas modalidades:

- Voluntariado na biblioteca escolar Secundaria e outras ensinanzas
- Voluntariado na biblioteca escolar Primaria

2. Na cláusula terceira, onde se indica:

**g) Elevar á coordinación do programa (D.X. de Centros e RRHH), información sobre as horas de voluntariado realizadas, a efectos de certificación.**

Debe indicar:

*g) Elevar á coordinación do programa (D.X. de Ordenación e Innovación Educativa), información sobre as horas de voluntariado realizadas, a efectos de certificación.*